



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29
www.betanzos.net

PROBA TIPO TEST

SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICO/A DE ORIENTADOR/A LABORAL MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL

CODIGO: _____

7ª.- Contido, desenvolvemento e cualificación das probas selectivas

A resolución da Alcaldía aprobatoria da listaxe definitiva de persoas admitidas e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal: www.betanzos.gal, fixará tamén a data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo das probas selectivas.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocadas en chamamento único, quedando excluídos da oposición as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos aspirantes será alfabético.

O Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato das persoas aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

O procedemento de selección constará de dúas fases: fase de concurso de méritos e fase de oposición.

. . . .

Fase de oposición

Publicada a listaxe definitiva coas puntuacións finais da fase de concurso, procederase a realización da fase de oposición coas persoas que acadaran a puntuación mínima total en currículo de cinco (5) puntos.

Constará dun só exercicio, obrigatorio e eliminatorio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 50 preguntas e catro de reserva con tres respostas alternativas, das que só unha será a correcta, baseadas no temario dos anexos I e II.

A cualificación será de 0 a 20 puntos, sendo eliminados aquelas persoas aspirantes que non acaden 10 puntos".

1. ¿Cáles son as fontes directas do ordenamento xurídico español?:

- a) A lei, a costume e os principios xerais do dereito
- b) A lei, a costume e a xurisprudencia
- c) A lei, a xurisprudencia e os tratados internacionais

2. O recurso de alzada presentarase:

- a) Ante o superior xerárquico do órgano que ditou o acto
- b) Indistintamente, ante o órgano que ditou o acto ou o órgano competente para decidilo.
- c) Ante o órgano que ditou o acto

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29
www.betanzos.net

3. ¿Cal é a cuantía a percibir polos beneficiarios/as dos subsidios por desemprego de nivel asistencial?

- a) O 75% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), vixente en cada momento.
- b) O 75% do Salario Mínimo Interprofesional, vixente en cada momento.
- c) O 80% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), vixente en cada momento.

4. O quórum mínimo para constituír validamente o Pleno é de:

- a) Un terzo do número legal de membros, cun mínimo de tres.
- b) Asistencia do Presidente e o Secretario, exclusivamente.
- c) Depende da convocatoria en que se realiza

5. A elección de alcalde efectúase:

- a) Directamente nas eleccións locais
- b) En sesión extraordinaria ao efecto
- c) Na sesión constitutiva da Corporación

6. A Comisión Especial de Contas é un órgano:

- a) Complementario e, polo tanto, facultativo
- b) Necesario
- c) Voluntario

7. Na entrevista personalizada entre o orientador e a persoa obxecto de asesoramento unha das fases é o autoconecemento, consistente en:

- a) Estudar que posibilidades reais ten no entorno laboral
- b) Facerlle ver a necesidade de coñecerse a si mesmo: as súas cualidades, seus puntos febles, os seus intereses persoais, as súas limitacións, etc
- c) Definir as súas necesidades formativas

8. A Lei 11/2013, de 26 de xullo de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, establece a posibilidade de compatibilizar a percepción da prestación por desemprego co traballo por conta propia

- a) Cando así o estableza algún programa de fomento ó emprego
- b) Cando así o estableza algún programa de fomento ó emprego destinado a colectivos con maiores dificultades de inserción no mercado laboral
- c) Non, nunca

9. O segundo ano do contrato de formación cal é a porcentaxe da actividade laboral e da formativa?

- a) 75% da actividade laboral e 25% da actividade formativa
- b) 85% da actividade laboral e 15% da actividade formativa
- c) 70% da actividade laboral e 30% da actividade formativa



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29
www.betanzos.net

10. A definición do posto de traballo preferente, a realizar dentro dunha entrevista personalizada, pode encamiñarse a catro direccións diferentes:

- a) Continuidade, cambio, ruptura, emprendedor
- b) Continuidade, cambio, emprendedor, autoemprego
- c) Continuidade, cambio, ruptura, mantemento

11. O Assessment Center é unha técnica para avaliar o comportamento individual e grupal dun individuo. Utilízase en procesos de selección de empresas que buscan persoas candidatas con determinadas habilidades e competencias para cubrir un posto de traballo. A duración do Assessment Center pode ser:

- a) 1 día
- b) de 1 a 2½ días.
- c) 2 días

12. Os poderes do Estado emanan:

- a) Das Cortes Xerais
- b) Do Goberno da nación elixido mediante sufraxio universal
- c) Do pobo español

13. Cal das seguintes infraccións é considerada grave para un perceptor de prestacións ou subsidio por desemprego

- a) Rexeitar unha oferta de emprego adecuada, xa sexa ofrecida polos servizos públicos de emprego ou polas axencias de colocación cando desenvolvan actividades no ámbito da colaboración con aqueles, salvo causa xustificada.
- b) Non comparecer, previo requirimento, ante a entidade xestora das prestacións na forma e data que se determinen, salvo causa xustificada.
- c) Non comparecer, previo requirimento, ante os servizos públicos de emprego ou as axencias de colocación cando desenvolvan actividades no ámbito da colaboración con aqueles, salvo causa xustificada.

14. Superar un certificado de profesionalidade de nivel 2 permite cursar un certificado de nivel 3

- a) Si sempre que sexa da mesma familia e área profesional
- b) Non
- c) Si, unha vez superado calquera certificado de nivel 2 pódese acceder aos de nivel 3

15. Un contrato administrativo de obras dun Concello de Municipios de réxime común que se aprobe polo Pleno do mesmo, por razón da contía, firmárase por:

- a) O Alcalde
- b) Os Portavoces dos Grupos Políticos ante el representados
- c) O Delegado de obras

16. Considérase colectivo en risco de exclusión social:

- a) Persoas maiores de 30 anos
- b) Persoas con cualificación profesional
- c) Discapacitados nunha porcentaxe superior ao 33



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29
www.betanzos.net

17. Os actos administrativos terán carácter retroactivo:

- a) Sempre
- b) Nunca
- c) Só nos casos establecidos na Lei

18. Os Concelleiros - Delegados noméanse polo/a:

- a) Alcalde
- b) Pleno
- c) Xunta de Goberno Local

19. Unha das aplicacións das dinámicas de grupo no eido laboral é a súa utilización para a selección de posibles candidatos a un posto de traballo, desde esta perspectiva sin alca das seguintes afirmacións é falsa.

- a) Nunha entrevista persoal, o candidato ten un maior control e seguridade xa que depende totalmente de sí mesmo para deixar unha boa valoración na entrevista. Sin embargo, nas dinámicas inflúen moitísimo as interaccións e o comportamento que teñan o resto de candidatos.
- b) É moi fácil categorizar as dinámicas de grupo xa que ofrecen moita menos variabilidade e creatividade á hora de prantexalas que as entrevistas persoais.
- c) As dinámicas de grupo baseanse na simulación dun escenario, que pode ter maior ou menor relación co ámbito laboral, no que se prantexa un problema que debe ser solucionado a través da interacción entre os candidatos.

20. Para a determinación dos prazos nos procedementos de contratación suxeitos ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, salvo que puntualmente se estableza outra cousa no mesmo, computaranse:

- a) Todos os días sen excepción
- b) Todos os días, menos os sábados, domingos e festivos
- c) Todos os días, menos os domingos e festivos

21. O indicador que informa sobre a adecuación do perfil da persoa demandante de emprego aos requerimentos competenciais das ocupacións solicitadas, denomínase:

- a) Ocupabilidade.
- b) Empregabilidade.
- c) Dispoñibilidade.

22. O Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público aprobouse o:

- a) 13 de marzo de 2014
- b) 30 de outubro de 2015
- c) 12 de abril de 2007

23 Os obxetivos do demandante que acude a entrevista de orientación teñen que ser:

- a) Concretos
- b) Realistas (Alcanzables)
- c) Todas as respostas anteriores son correctas



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29
www.betanzos.net

24. Cal dos seguintes países non pertence ao espazo económico europeo?

- a) Alemaña
- b) Suiza
- c) Rumanía

25. Xunto cos principios de igualdade e, mérito e capacidade, na selección dos funcionarios, débese seguir o de:

- a) Imparcialidade
- b) Publicidade
- c) Profesionalidade

26. Cando o último día dun prazo sexa inhábil:

- a) Entenderase prorrogado o prazo ao seguinte día hábil
- b) Entenderase que o prazo expira o último día hábil
- c) Non ten transcendencia a efectos de cómputo

27. ¿Cal é o Título da Constitución que regula a reforma constitucional

- a) O título VIII.
- b) O título XI.
- c) O título X.

28. Á hora de determinar un perfil axeitado para un posto de traballo estableceranse:

- a) Variables desexables e variables non desexables
- b) Variables imprescindibles
- c) Variables imprescindibles, variables desexables e variables non desexables

29. Cando debe realizar a empresa as afiliacións á Seguridade Social dos traballadores a contratar.

- a) As solicitudes de afiliación deberán realizarse nos primeiros 5 días ao inicio da prestación de servizos do traballador por conta allea
- b) As solicitudes de afiliación deben formularse con carácter previo ao día anterior ao inicio da prestación de servizos do traballador por conta allea
- c) As solicitudes de afiliación deben formularse con carácter previo ao inicio da prestación de servizos do traballador por conta allea.

30. Os valores superiores do ordenamento xurídico propugnados desde a nosa Constitución son:

- a) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político
- b) A liberdade, a igualdade e a fraternidade
- c) A liberdade, a xustiza e a igualdade

31. As fases dun itinerario persoalizado son:

- a) Fase Inicio, Fase intermedia e Fase fin.
- b) Fase Inicio, Fase seguimento e Fase fin.
- c) Fase Preparación, Fase inicio e Fase fin



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29
www.betanzos.net

32. Segundo a Lei 11/2013, de 26 de xullo de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, para incentivar a adquisición dunha primeira experiencia profesional as empresas poderán celebrar contratos temporais con xóvenes desempregados

- a) Menores de trinta anos que non teñan experiencia laboral ou si esta é inferior a tres meses.
- b) Menores de trinta anos que non teñan experiencia laboral ou si esta é inferior a seis meses.
- c) Menores de trinta anos, ou menores de trinta e cinco anos no caso de mulleres, que non teñan experiencia laboral ou si esta é inferior a tres meses.

33. ¿Cal de estas actividades non é propia da Rede Eures?:

- a) Asesoramento a solicitudes de emprego, tralladores móbiles e empregadores.
- b) Desenvolvemento da cooperación trasnacional e transfronteriza.
- c) Todas as anteriores son actividades propias da Rede Eures.

34. Nos procesos de selección de persoal podemos clasificar as entrevistas en función de tres factores diferenciados:

- a) Pola súa finalidade, pola técnica empregada, polo número de persoas que participan nela
- b) Pola súa finalidade, pola técnica empregada, polo criterio do entrevistador
- c) Por ser individuais, colectivas ou de grupo

35. Cal das seguintes afirmacións non é atribuíble as accións formativas da Formación Profesional para o Emprego.

- a) Enténdese por acción formativa a dirixida á adquisición e mellora das competencias e cualificacións profesionais, puidéndose estruturar en varios módulos formativos con obxectivos, contidos e duración propios.
- b) A participación do traballador ou traballadora en accións formativas non poderá ser superior a 8 horas diarias.
- c) Tamén terán a consideración de accións formativas incluídas no subsistema de formación profesional para o emprego, as actividades de índole informativa ou divulgativa cuxo obxecto non sexa o desenvolvemento dun proceso de formación, tales como xornadas, feiras, simposios e congresos.

36. ¿Cal é un dos requisitos que deben cumprir as persoas beneficiarias participantes nos programas de obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación?._

- a) Poderán ser persoas beneficiarias participantes nos programas de obradoiro de emprego, aquelas que estando desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, teñan unha idade superior aos 18 anos.
- b) Poderán ser persoas beneficiarias participantes nos programas de obradoiro de emprego, aquelas que estando desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, teñan unha idade igual ou superior aos 18 anos.
- c) Poderán ser persoas beneficiarias participantes nos programas de obradoiro de emprego, aquelas que estando inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, teñan unha idade igual ou superior aos 18 anos.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29
www.betanzos.net

37. Cal de estas vía da renovación da demanda de emprego non é correcta:

- a) A renovación a través do punto de información.
- b) A renovación a través dun correo electrónico ao Servizo Público de emprego de Galicia (SPEG)
- c) A renovación presencial na oficina de emprego

38. Denomínase “etiqueta” ou “hasntag” nos espazos Twiter, Google+ ou Facebook:

- a) A palabra que na mensaxe vai precedida polo símbolo @.
- b) As temáticas que definen os temas de conversación sobre os que podemos falar.
- c) A palabra ou palabras clave que clasifican ou definen a mensaxe que estamos transmitindo.

39. De forma agrupada, os servizos aos que se ten acceso nas oficinas de emprego son os seguintes:

- a) Inscripción, (requisito previo á presentación de ofertas), presentación de ofertas (busca de traballadores), xestión e seguimento de ofertas (selección de traballadores), contratación (información sobre modalidades de contratos, comunicación de contratos e consulta de contratos), axudas (información sobre incentivos á contratación), outros servizos (Información sobre programas de formación para traballadores en activo e programas de formación con compromiso de contratación) e axuda ao empregador para a selección de persoas Maiores
- b) Inscripción, (requisito previo á presentación de ofertas), presentación de ofertas (busca de traballadores), xestión e seguimento de ofertas (selección de traballadores), contratación (información sobre modalidades de contratos, comunicación de contratos e consulta de contratos), axudas (información sobre incentivos á contratación), e axuda ao empregador para a selección de persoas Maiores.
- c) Inscripción, (requisito previo á presentación de ofertas), presentación de ofertas (busca de traballadores), xestión e seguimento de ofertas (selección de traballadores), axudas (información sobre incentivos á contratación), outros servizos (Información sobre programas de formación para traballadores en activo e programas de formación con compromiso de contratación) e axuda ao empregador para a selección de persoas Maiores

40. ¿Cal é a Lei que rexe en materia de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas?

- a) A Lei 7/1985, do 2 de abril.
- b) O Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- c) A Lei 53/1984, do 26 de decembro.

41 A entrada no programa de orientación do Servizo Público de emprego de Galicia comeza:

- a) Nas oficinas de emprego, que é o marco de referencia para todas as persoas demandantes de emprego.
- b) En calquera dos centros colaboradores do SPEG, que poderán xestionar a súa propia axenda.
- c) Nas oficinas de emprego, nas axencias de colocación e en calquera dos centros colaboradores do SPEG.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29
www.betanzos.net

42. Entre as funcións a desenvolver polos Orientadores/as Laborais non se encontra :

- a) Informar aos usuarios/as sobre ofertas de emprego existentes
- b) Diseñar itinerarios personalizados para cada usuario/a.
- c) Asesorar aos usuarios/as en materia de financiamento e fiscalidade de pequenas empresas.

43. O sector productivo máis importante porcentualmente na economía de Betanzos é:

- a) Primario
- b) Secundario
- c) Terciario

44. A crítica ás dinámicas de grupo máis frecuentes son en base a que:

- a) Requiren de moito tempo.
- b) A súa avaliación é moi complicada dado o dificultade para poder medir os seus efectos.
- c) As dúas anteriores son correctas.

45. ¿Qué é o CIRCE?

- a) Un sistema que permite os trámites para constituir sociedades mercantís en Galicia.
- b) Un sistema de información que permite realizar de xeito telemático, os trámites de constitución e posta en marcha de determinadas sociedades mercantís en España.
- c) Un sistema informático de recursos para a contratación de empregados.

46. A o ter finalizado un ciclo formativo de grao superior poderase acceder de modo directo:

- a) A calquera ensinanza universitaria de grao.
- b) A calquera outro ciclo formativo de grao superior.
- c) As dúas anteriores son correctas.

47. A fase de seguimento nun itinerario personalizado de inserción e aquela na que:

- a) A través dunha entrevista semi-estructurada se define o perfil socioprofesional do demandante
- b) Aquela na que se elabora un itinerario mediante un consenso co orientador, se recollen o conxunto de programas, servizos, técnicas e estratexias e actividades a realizar a curto, medio e longo prazo.
- c) Se conseguen os obxectivos propostos.

48. Para poder acceder a un ciclo de grao medio o alumno deberá posuir:

- a) O título de Graduado en ESO
- b) O título de Graduado Escolar
- c) A resposta a) e b) son incorrectas

49. Empregando a rede Eures poderase:

- a) Acceder directamente á base de datos de ofertas de emprego dos distintos países do Espazo comunitario
- b) Rexistrar o teu currículo na base de datos do Servicio Europeo de Empleo
- c) As dúas anteriores son correctas



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29
www.betanzos.net

50. Na actualidade, ¿qué etapas e duración teñen os obradoiros de emprego?

- a) Os obradoiros de emprego terán unha duración de nove meses, así como unha única etapa de formación en alternancia co traballo ou a práctica profesional, que tamén estará dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional
- b) Os obradoiros de emprego terán unha duración de seis meses, así como dúas etapas, unha etapa de formación e outra de práctica profesional, que tamén estará dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional
- c) Os obradoiros de emprego terán unha duración de seis meses, así como unha única etapa de formación en alternancia co traballo ou a práctica profesional, que tamén estará dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional

RESERVA:

R1.A rede Eures é:

- a) Unha rede de cooperación europea para o emprego
- b) Unha rede de cooperación europea para a libre circulación de traballadores
- c) As dúas respostas anteriores son correctas

R2. Diga cal das seguintes respostas é correcta:

- a) Contra a desestimación dun recurso de reposición non cabe interpor recurso de reposición.
- b) Contra a desestimación dun recurso de reposición cabe interpor recurso de reposición.
- c) Contra a desestimación dun recurso de reposición cabe interpor recurso de alzada

R3.Os tipos de sociedades que se poden crear a través do CIRCE son as seguintes:

- a) Sociedade Limitada de Formación Sucesiva, Sociedade Limitada NOva Empresa (SLNE), e Sociedade de Responsabilidade Limitada (SRL ou SL).
- b) Sociedade Limitada de Formación Sucesiva, Sociedade Limitada Nova Empresa (SLNE), Sociedade de Responsabilidade Limitada (SRL ou SL) e Empresario Individual (autónomo).
- c) Sociedade Limitada Nueva Empresa (SLNE), Sociedade de Responsabilidade Limitada (SRL ou SL) e Empresario Individual (autónomo).

R4. Das finalidades seguintes, ¿cál non é unha atribuíble á Formación Profesional para o Emprego?.

- a) Favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores e traballadoras en situación de desemprego.
- b) Proporcionar a os traballadores e traballadoras os coñecementos e as prácticas adecuadas ás competencias profesionais requeridas no mercado de traballo ás necesidades das empresas.
- c) Mellorar a empregabilidade dos traballadores e traballadoras, especialmente dos que teñen dificultades de mantemento do emprego ou de inserción laboral.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia, 1

Teléfono: 981 77 00 11

Fax: 981 77 65 29

FASE DE OPOSICIÓN. PLANILLA DE RESPONSTAS CORRECTAS

Nº. pregunta	Resposta	Nº. pregunta	Resposta
1	a	28	c
2	b	29	c
3	c	30	a
4	a	31	b
5	c	32	a
6	b	33	c
7	b	34	a
8	a	35	c
9	b	36	b
10	a	37	b
11	b	38	c
12	c	39	a
13	a	40	c
14	a	41	a
15	a	42	c
16	c	43	c
17	c	44	c
18	a	45	b
19	b	46	c
20	a	47	b
21	b	48	a
22	b	49	c
23	c	50	a
24	b	R1	c
25	b	R2	a
26	a	R3	b
27	c	R4	a



ANUNCIO

SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICO/A DE ORIENTADOR/A LABORAL MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL.

FASE DE OPOSICIÓN. PUNTUACIÓN

Código	Puntos
OL0009	14,80
OL0011	14,00
OL0015	14,80
OL0016	14,80
OL0024	10,00

Concédese un prazo de tres días hábiles, desde a publicación do anuncio na páxina web municipal e no taboleiro de edictos da Corporación, a efectos de reclamacións

O tribunal reunirse o día 11.12.2017, ás 09:00 hs., na Sala de Reunións do Edificio Liceo, aos efectos de resolver as posibles reclamacións, outorgar a cualificación final, e elevar á Alcaldía proposta da persoa candidata para a formalización do contrato.

Betanzos, a 29 de novembro de 2017

O secretario do tribunal

Daniel Pereiro Cachaza